



IV Premio Internacional  
**COMPOSTELA**  
para álbumes ilustrados



kalandraka

**“EL CAMINO DE OLAJ”, DE MARTÍN LEÓN-BARRETO, GAÑA O IV PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA DE ÁLBUM ILUSTRADO**

Moisés Yagües foi finalista con “Al otro lado” e Arianna Papini recibiu unha mención por “¿Quién querrías ser?”



A obra titulada “El camino de Olaj”, de Martín León-Barreto Johnson (Montevideo, 1973) é a gañadora do IV Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado, que convocan o Departamento de Educación do Concello de Santiago e Kalandraka. O traballo titulado “Al otro lado”, de Moisés Yagües Fernández (Murcia, 1972), foi finalista do certame, mentres que “¿Quién querrías ser?”, de Arianna Papini (Florencia, 1965), recibiu a mención especial do xurado.



Ao IV Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado presentáronse 374 traballos procedentes de 19 países, a maioría dende España. Tamén optaban ao galardón proxectos enviados de Italia, Portugal, Arxentina, Brasil, Chile, Alemaña, Estados Unidos, México e Francia. En menos medida, presentáronse candidatos de Ecuador, Holanda, El Salvador, Hungría, Perú, Romanía, Rusia, Serbia, Suiza e Uruguai. O gañador da presente edición recibirá 12.000 euros en concepto de adianto polos dereitos de autor e a súa obra publicarase en galego, castelán, catalán, eusquera e portugués.

“Al otro lado”, de Moisés Yagües, finalista;  
“¿Quién querrías ser?”, de Arianna Papini, mención.

Martín León-Barreto Johnson é deseñador gráfico e ilustrador dende 1991, especialista en deseño de coleccións e portadas para libros infantís e xuvenís. Afincado en Guadalaxara (España), colabora con diversas editoriais e medios de comunicación. A obra premiada é un álbum infantil cuxo argumento segue os esquemas da tradición oral. Trátase “dunha viaxe iniciática a partir da acumulación de obxectos e animais que se nomean”, segundo os membros do xurado. Para Martín León-Barreto é o seu primeiro libro como autor e ilustrador: “El camino de Olaj” conta a historia dun personaxe que vive nunha casa grande, que se lle queda pequena ao ir sumando amigos que atopa no seu percorrido.

A concelleira de Educación de Santiago, Mercedes Rosón; o ilustrador italiano Roberto Innocenti (Premio Andersen de Ilustración 2008); a escritora e actriz Paula Carballeira; o escritor e especialista en literatura infantil e xuvenil Federico Martín Nebras; o xefe do departamento de Educación do Concello, Xosé Manuel Rodríguez-Abella; Manuela Rodríguez en representación de Kalandraka; e Beatriz Varela, como secretaria técnica, foron os integrantes do xurado, que destacaron a “altísima calidade” dos participantes.

“El camino de Olaj” súmase a “Cerca”, da argentina Natalia Colombo; “Un gran sueño”, do mexicano Felipe Ugalde; e “A Familia C”, dos españois Pep Bruno e Mariona Cabassa, que foron galardoados -por esta orde- nas tres primeiras edicións do Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado. Ao igual que as súas predecesoras, Kalandraka presentará o traballo de Martín León-Barreto nas principais feiras do libro, como Boloña (Italia), Frankfurt (Alemaña) e Guadalaxara (México).

O IV Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado forma parte das actividades da XI Campaña Municipal de Animación á Lectura, organizada polo departamento de Educación de Santiago e Kalandraka. Ata o 30 de abril a Galería Sargadelos acolle exposicións de libros e coas súas ilustracións orixinais, sesións de contos e música para escolares, así como obradoiros de escrita creativa e de ilustración. O programa de actividades, no que se agarda a participación dunhas 5.000 persoas da bisbarra compostelá, complétase con accións formativas para profesionais do ensino, sesións de contos para bebés e visitas ás escolas infantís.



Paula Carballeira, Beatriz Varela, Federico Martín, Roberto Innocenti, Mercedes Rosón, Manuela Rodríguez e Xosé Manuel Rodríguez